



# ILMO. CONCELLO DE VERÍN

SECRETARÍA

SEC 2015-194

ADHESIÓN AO CONVENIO DA DEPUTACIÓN SOBRE TRANSPARENCIA E ACCESO Á INFORMACIÓN

En Verín a, 19 de Novembro de 2015

Pilar del Carmen Saborido Díaz, secretaria do Ilustrísimo Concello de Verín (Ourense),

CERTIFICO:

Que segundo se desprende do borrador da acta, o Pleno deste concello, na sesión que tivo lugar na data que se indica, entre outros, adoptou o seguinte ACORDO:

19 de Novembro de 2015  
PLENO ORDINARIO

## 5.- ADHESIÓN DO CONCELLO DE VERÍN AO CONVENIO MARCO DE COOPERACIÓN DA DEPUTACIÓN DE OURENSE COAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA EN MATERIA DE TRANSPARENCIA E ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA

Ao non se producir intervencións, o presidente somete o asunto a votación, e por unanimidade de todos os membros, o Pleno ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar a adhesión do Concello de Verín ao convenio marco de cooperación da Deputación de Ourense coas entidades locais da provincia en materia de transparencia e acceso á información pública.

SEGUNDO.- Transferirle á Deputación Provincial de Ourense, en réxime de encomenda de xestión, o exercicio das actuacións materiais de publicación no Portal da Transparencia de Ourense da información prevista nos artigos 6, 7 e 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, nos termos previstos no dito convenio.

TERCEIRO.- Designar como persoa responsable da execución do convenio ao concelleiro Diego Lourenzo Moura. Non obstante o anterior, facúltase expresamente ao alcalde para a súa substitución, así como para o nomeamento de suplentes, dando conta ao Pleno.

Para que conste, expido esta certificación coa salvidade e reserva a que se refire o artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, que se aprobou por Real decreto 2568/86, do 28 de novembro, co visto e prace da concelleira delegada Rosario Rodríguez Delgado, en Verín, na data que arriba se indica.

Visto e prace  
A concelleira delegada

